

Galicia está comigo

Non son poeta,
nin sei escribir ben,
pero ás veces o corazón aperta
e non queda outra que soltar o que leva dentro.

Lévote comigo, Galicia,
nas mans, na fala, nos recordos.

Cando collo o pan pola mañá
pénsote.

Cando vexo a chuvia bater no vidro
pénsote.

Cando me sento en silencio
e sinto ese baleiro que non sei explicar...
pénsote.

Estás no cheiro da terra mollada,
no son do mar que nunca se cansa,
no xeito de mirar da xente que te quere
sen dicilo moito.

Ás veces creo que te esquecín,

que xa me fixen doutro lugar,
pero logo escoito unha gaita,
ou alguén di “Meu” coma meu pai dicía,
e todo volve.

Ti estás aí,
sen pedir nada.
Sen berrar.
Sen marchar.

Galicia,
aínda que estea lonxe,
estás sempre preto.

Aarón Bilbao Amil